

DECRETO

EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,
DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO.

ASUNTO: APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO (EXPTÉ IRC 6/2024): PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS. PROGRAMA + X TI.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe total de **144.452,75 euros** dentro do vixente orzamento desta Corporación, prorrogado do exercicio 2023.

Visto o informe de Intervención do 28.01.2024, Ref.: 56/2024, emitido en contestación á Providencia da Excma. Sra. Alcaldesa de 26.01.2024.

Considerando o disposto nos artigos 182 do RDL 2/2004, de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, 47 e 48 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, así como o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e as Bases de execución do mencionado Orzamento e o informe de Intervención.

Considerando que o financiamento de dita modificación ven determinada pola existencia de recursos financeiros suficientes derivados do ingreso da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, establecido na Resolución da Secretaría de Estado de Sanidade, do 09.10.2023, coa finalidade de dar cumprimento á execución do "PROGRAMA + X TI" 2023-2024.

Veño a resolver:

A aprobación do presente expediente de modificación de créditos mediante a súa modalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe de **144.452,75 euros**, en base á consideración de remanente de crédito incorporable, coas seguintes consideracións:

PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS. PROGRAMA + X TI 2023-2024

Estado de Gastos
CP 232317006- Programa + X TI 2023- 2024

Aplicación Orzamentaria	C.P.	Mandamento Contable	Importe
-------------------------	------	---------------------	---------

INTERVENCIÓN

MVf/slb

Refª: ispac5644299590792000011.doc

Asunto: Decreto aprobación IRC 6/2024 PROGRAMA + X TI

23170.22699	232317006	RC: 94971/2023	144.452,75 €
TOTAL			144.452,75 €

Estado de Ingresos: Finanzamento**DEREITOS RECOÑECIDOS**

CP 232317006- Programa + X TI 2023- 2024

Aportación externa: Dereitos recoñecidos da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas. S2816030G

Concepto de Ingreso	C.P.	Mandamento Contable
42090	232317006	I: 159.449/2023

Sendo o expediente que a aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na contabilidade dá Corporación os axustes derivados de dito expediente.

Cúmprase.

A Excm. Sra. Alcaldesa

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)